



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA



ies.santome.freixeiro@edu.xunta.es

Gran Vía, 191  
36210 VIGO  
Tel.: 986 231 667  
Fax: 986 213 969



FSE Inviste no teu futuro\*

IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO

# PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2018-2019

## INFORMACIÓN A ALUMNOS E FAMILIAS

### 1º. NORMATIVA REGULADORA.

**DECRETO 254/2012, do 13 de decembro**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**Orde de 12 de marzo de 2013** (DOG do 15 de marzo).que contén as normas de obrigado cumprimento para todos os centros sostidos con fondos públicos. O ámbito de aplicación serán todos os centros docentes públicos e privados concertados da provincia de Pontevedra.

**ORDE do 25 de xaneiro de 2017** (DOG do 1 de febrero de 2017) pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do a lumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación..

### 2º. OFERTA DE POSTOS ESCOLARES.

Curso	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BTO Ciencias Tecnoloxía	1º BTO Humanidades CCSS	2º BTO Ciencias Tecnoloxía	2º BTO Humanidades CCSS
Prazas	20+							
vacantes	12NEAE	0	0	10	37	35	5	5

Notas: O cálculo de postos vacantes considera unha previsión de alumnos que promocionarán ao curso seguinte e doutros que repetirán, baseada nos datos da 1º avaliación. Será recalculada durante o prazo de admisión de solicitudes, cos datos da 2º avaliación.

### **3º. CENTROS ADSCRITOS Ó IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO**

Para 1º ESO:

CEIP Lope de Vega.

CEIP Altamar.

### **4º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Do 1 ao 20 de marzo de 2018 (ambos incluídos).

### **5º.- SOLICITUDES DE ADMISIÓN (ANEXO II)**

Cada alumna e alumno só pode presentar **unha única solicitude** no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

**O criterio complementario de puntuación establecido polo centro:** Por ter o domicilio familiar na área de influencia do centro: 1 punto máis.

## **6. DOCUMENTACIÓN**

Será a indicada nos artigos 16 e 17 da Orde do 12 de marzo de 2013, e da Orde de 25 de xaneiro de 2017.

## **7. ÁREAS DE INFLUENCIA.**

Exposición pública dos planos no taboleiro do instituto e na web do centro.

### **ESO**

**Área de Influencia do IES San Tomé.** Zona 6. 6 puntos (+ 1 punto por criterio complementario decidido polo Consello Escolar)

**ÁREAS LÍMITROFES.** 3 puntos.

Zona 1 (Coia-Coruxo). Inclúe as parroquias de Navia, Comesaña, Oia. Zona 2 (Centro).

Zona 7 (Beade-Valadares). Inclúe as parroquias de Castrelos, Beade e Valadares Zona 8 (Avda Madrid-Meixoeiro).

**ÁREAS NO LÍMITROFES.** 0 puntos Zona 3 (Teis)

Zona 4 (García Barbón-Travesía)

Zona 5 (Calvario-Cabral).

## BACHARELATO

**Área de Influencia do IES San Tomé.** Zona 6. 6 puntos (+ 1 punto por criterio complementario decidido polo Consello Escolar)

**ÁREAS LÍMITROFES.** 3 puntos.

Zona Coia. Exclúe as parroquias de Navia, Comesaña, Oia (zona do IES Coruxo). Zona Centro.

Zona Beade.

Zona Meixoeiro. Chega ata Ramón Nieto.

**ÁREAS NO LÍMITROFES.** 0 puntos Zona Coruxo

Zona Teis

Zona García Barbón-Travesía

Zona Calvario-Cabral: Desde a rúa Ramón Nieto.

## 8. RENDA FAMILIAR PER CÁPITA

Para determinar a renda familiar per cápita, primeiro súmanse a contía da base imponible xeral ( **casiña 392**) e a contía da base imponible de aforro (**casiña 405**) das declaracións de renda de todos os membros da unidade familiar. A continuación, divídese o resultado entre o número de membros desta.

Os datos da base imponible xeral e os da base imponible de aforro extraeráanse da declaración do **IRPF 2016**.

Para o cálculo da renda per cápita considerase que a unidade familiar está formada polos cónxuxes non separados legalmente ou parellas de feito rexistradas, ademais dos fillos/as menores de idade (e fillos/as maiores de idade incapacitados, se os houbese). Nos casos de nulidade, separación ou divorcio, considerárase o proxenitor que teña a garda e custodia; se a custodia é compartida, atenderase aos que convivan no domicilio indicado na solicitude.

A situación da unidade familiar é a que corresponda á data do 28 de febreiro de 2018.

## 9. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

**Transporte Escolar:** O IES San Tomé de Freixeiro está servido con 6 rutas de transporte escolar, gratuíto para alumnos de ESO residentes nas zonas de paso. De quedar prazas vacantes, poderán ser solicitadas polos alumnos de bacharelato unha vez iniciado o curso, no mes de setembro.

**RUTA 1:** Pza Isabel a Católica → Travesía de Vigo nº 8 → Jenaro de la Fuente nº 22 → Mtnez Garrido nº 18 → Mtnez Garrido nº 98.

**ruta 2:** Mtnez Garrido nº 80 → Mtnez Garrido nº 108 (IDA) Mtnez Garrido nº 39  
→ Mtnez Garrido nº 69 (VOLTA)

**ruta 3:** Praza Miraflores nº 1 → Raviso nº 35 → Emilia Pardo Bazán nº 111 → Emilia Pardo Bazán nº 41 → Emilia Pardo Bazán nº 23 (IDA)

Praza Miraflores nº 3 → Raviso nº 35 → Emilia Pardo Bazán nº 104 → Emilia Pardo Bazán nº 80 → Emilia Pardo Bazán nº 58 (VOLTA)

**ruta 4:** Gran Vía nº 41 → Gran Vía nº 7 → Urzaiz-Estación → Pza España (IDA: quiosco/VOLTA: parada Vitrasa)

**ruta 5:** Gregorio Espino nº 42

**ruta 6:** Pizarro nº 10 → Pza Santa Rita

## 10.- CALENDARIO.

- Presentación da solicitude da admisión: **1 a 20 de marzo**
- No caso de que a demanda sexa superior á oferta de prazas, será necesario a presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo: 10 días hábiles contados a partires dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión (**do 22 de marzo ao 6 de abril de 2018**)
- Datas de publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos: **25 de abril de 2018**
- Datas de publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas: **antes do luns 15 de maio de 2018**
- Prazo de presentación de reclamación ordinaria contra a listaxe provisional de admitidos, perante a dirección do instituto: 5 días hábiles (**do 26 de abril ao 3 de maio**)
- Resolución das reclamacións: 5 días hábiles

## 11.- PRAZOS DE FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA.

- Do 25 de xuño ao 10 de xullo de 2018, para alumnado que supere o curso en xuño.
- Do 1 ao 10 de setembro de 2018, para alumnado que supere o curso en setembro.

(Nota: Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza adxudicada).